# BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS ÁS SESIÓNS INTERNACIONAIS DE PITCHING DE COPRODUCIÓN 2018, EN Conecta FICTION

## 1- OBXECTO

Este documento establece as Bases para a presentación de proxectos de series de televisión nas "Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018", en Conecta FICTION, e para a súa avaliación e selección (as "bases"). A presentación dun proxecto para as Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 implica a aceptación tácita destas bases.

As Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución teñen lugar en Conecta FICTION (tamén denominado "evento") e consisten na presentación de proxectos de series de televisión en desenvolvemento (os "proxectos") pola persoa que o produce (o "solicitante").

As Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución están abertas a produtores/as que sexan persoas xurídicas, non a persoas físicas.

Presentaranse ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 unha selección de 10 proxectos de todos os correctamente presentados.

As persoas solicitantes dos proxectos seleccionados (polo menos un/ha representante por proxecto) presentarano ante unha audiencia de executivos da industria. Durante o evento, o equipo de Conecta FICTION organizará reunións individuais entre as persoas executivas da industria que mostren interese nun proxecto individual e quen sexa representante da persoa solicitante. Os proxectos deben ser presentados de acordo coas bases que seguen, e dentro das datas para ese efecto, do 15 de febreiro de 2018 ao 16 de abril de 2018.

## 2- REQUISITOS DE ADMISIBILIDADE DOS PROXECTOS E DAS PERSOAS SOLICITANTES; PRESENTACIÓN DE PROXECTOS.

2.1. Requisitos de admisibilidade dos proxectos

a) Só poderán presentarse proxectos de serie de televisión. Deberán ter un mínimo de 6 episodios para as series e de 3 episodios para as miniseries e un máximo de 13 episodios por tempada, cunha duración mínima dunha hora comercial por episodio.

b) Os proxectos deberán estar en fase de desenvolvemento. Non se deberán iniciar actividades de preprodución ou produción.

c) Os proxectos deberán estar financiados polo menos un 10 % (isto é, o 10 % do orzamento total de produción).

2.2. Requisitos de admisibilidade das persoas solicitantes
As persoas solicitantes que sometan os seus proxectos ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 só poden ser persoas xurídicas (compañías produtoras, distribuidoras, canles de televisión, etc.), non persoas físicas, de calquera nacionalidade. Non se aceptarán proxectos de persoas físicas, como guionistas, se o devandito proxecto non conta cunha persoa produtora, que sexa á súa vez persoa xurídica, vinculada ao proxecto.

2.3. Presentación
Os proxectos deben presentarse en liña a través do sitio web de Conecta FICTION: http://www.conectafiction.com/en/submit-an-international-project/.

Non se aceptarán proxectos enviados por correo. Cada solicitante pode presentar un máximo de 3 proxectos.

A presentación de proxectos é gratuíta.

A "data de peche" para a presentación de proxectos é o 16 de abril de 2018.

Conecta FICTION resérvase o dereito de rexeitar calquera proxecto presentado logo da data de peche.

2.4. Documentos
A presentación de cada proxecto debe acompañarse dos seguintes documentos, que deben ser entregados antes da data de peche:

- Unha páxina resumindo o proxecto cunha breve sinopse (máx. 200 palabras).
- Biblia (personaxes, contorna, ton, resumo da tempada - 5/7 páxinas como máximo).
- Carta de quen guioniza e/ou produce describindo a súa a visión do proxecto ou orzamento de produción (en euros).
- Plan de financiamento, en euros (o proxecto debe ter un 10 % xa financiado).
- Contratos ou carta de compromiso ou interese, pechados e asinados, que demostren o investimento financeiro indicada no seu formulario de inscrición. Estes contratos ou cartas deben indicar o monto do investimento.
- Guión, se está dispoñible.
- Materiais visuais (*trailer* ou outros vídeos do proxecto), se están dispoñibles.

2.5. As presentación de proxectos e os documentos só serán aceptados en español ou inglés. 2.6. As presentacións incompletas non serán consideradas para a selección.

2.7. Conecta FICTION non se fai responsable dos custos (para tradución, franqueo, deseño gráfico, etc.) incorridos para a presentación de proxectos.

2.8. Ao presentar un proxecto ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 as persoas solicitantes garanten a presenza dunha das representantes do proxecto no evento do 18 ao 21 de xuño de 2018 se o proxecto é seleccionado para as sesións de *Pitching*.

2.9. Ao presentar un proxecto ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 a persoa solicitante garante que o seu proxecto non contén materiais de terceiras protexidas por dereitos de autoría (tales como, por exemplo, sen carácter limitativo, obras preexistentes, subxacente, imaxes ou música) sen obter primeiro todas as licenzas, autorizacións, cesións e/ou permisos necesarios.
As persoas solicitantes que non posúan a titularidade dos dereitos de explotación da propiedade intelectual sobre o proxecto presentado ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 deben obter o consentimento escrito das titulares do proxecto para a súa presentación nos termos aquí estipulados e para obrigarse por estas bases e, a requirimento de Conecta FICTION, deberán proporcionar unha copia de devandito consentimento e/ou acordo escrito da persoa titular dos dereitos.

2.10. A presentación dun proxecto ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coproducción 2018 non implica cesión nin transferencia de ningún tipo a favor de Conecta FICTION de ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial sobre o proxecto ou calquera dos seus elementos.

2.11. Teña en conta que a presentación de proxectos ás Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018 ou a súa selección non leva aparellada a acreditación para Conecta FICTION. A sede de Conecta FICTION está restrinxida unicamente ás persoas participantes acreditadas.

## 3- SELECCIÓN DE PROXECTOS

Os proxectos serán seleccionados polo comité editorial de Conecta FICTION, composto por un equipo de profesionais cualificados da industria audiovisual. O comité editorial terá en consideración a calidade artística, a singularidade do contido, o estado de desenvolvemento, o orzamento xa financiado e outros elementos dos proxectos, á súa única discreción.

Serán seleccionados os 10 proxectos que obteñan o maior número de votos do comité de selección, que non será recorrible.

A selección do seu proxecto comunicaráselle por correo electrónico ás persoas solicitantes a principios de xuño de 2018.

O rexeitamento de proxectos será igualmente notificado a quen o solicitou.

## 4- PARTICIPACIÓN DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NAS SESIÓNS INTERNACIONAIS DE PICTHING DE COPRODUCIÓN 2018

Unha vez seleccionado un proxecto, polo menos un/ha representante por proxecto seleccionado (produtor/a, guionista, titular dos dereitos, etc.) deberá estar en Santiago de Compostela desde a mañá do 18 de xuño de 2018 ata a tarde do 21 de xuño de 2018 para participar nunha sesión de *coaching*, para presentar o proxecto durante as Sesións Internacionais de *Pitching* de Coproducción 2018, e participar en reunións individuais, no seu caso.

Conecta FICTION cubrirá os gastos de aloxamento en Santiago de Compostela durante 3 noites, do 18 ao 21 de xuño de 2018, para un representante de cada proxecto seleccionado. Conecta FICTION non asumirá os gastos de desprazamento.

As persoas representantes do proxecto deben fornecer todos os materiais promocionais e de presentación do proxecto para o seu uso durante as Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución, tales como arquivos de vídeo, fotos, sitio web, presentacións en PowerPoint, catálogos e folletos, etc., que deben cumprir con todas as especificacións técnicas proporcionadas polo equipo Conecta FICTION. Conecta FICTION resérvase o dereito de rexeitar calquera proxecto seleccionado que non respecte as especificacións técnicas esixidas.

## 5- CONFIDENCIALIDADE E MÁRKETING

Os documentos fornecidos xunto coas presentacións dos proxectos son estritamente confidenciais, e non se poden publicar salvo que se indique o contrario a continuación.

Unha lista dos proxectos seleccionados, que incluirá o título do proxecto, país de orixe, empresa de produción e canle de televisión asociado ou distribuidor, se o houbese, poderá ser publicado por Conecta FICTION nas súas comunicacións e boletíns de márketing e promocionais e no sitio web de Conecta FICTION, así como publicado na prensa.

Á súa vez, ao entregar o *trailer*, fotogramas e/ou outros materiais visuais dos proxectos, as persoas solicitantes están autorizando o uso de devandito material para fins promocionais para o sitio web de Conecta FICTION.

O expediente (*dossier*) do proxecto, incluíndo a información anterior, así como datos financeiros provisionais (só o orzamento de produción total e a parte financiada), entregarase a todas as persoas participantes acreditadas nas Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018.

Se o Proxecto seleccionado é completado, Conecta FICTION incluirase no mesmo un crédito coa seguinte lenda "Esta Serie de televisión foi presentada nas Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución 2018.

## 6- LEI APLICABLE E FORO

Estas bases rexeranse e interpretarán de conformidade coas leis de España e as partes someteranse á xurisdición dos tribunais de Madrid, España.

Lin e acepto as bases para as Sesións Internacionais de *Pitching* de Coprodución.
Tamén entendo que presentar o meu proxecto non garante a súa selección, e que se non respecto estas bases, o meu proxecto pode ser rexeitado.